



CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE
IES XESÚS TABOADA CHIVITE

Avda. Portugal 116, 32600 VERÍN (OURENSE) · Teléfono 988685070
ies.xesus.taboada@edu.xunta.es · www.iesxesustaboadachivite.org

Verín, 14 de xaneiro de 2022

Prezadas familias,

Dirixímonos de novo a vós unha semana despois para informar sobre a situación no centro en relación aos casos COVID-19 e do novo protocolo de xestión nos centros educativos.

En relación ao número de casos é de agradecer a colaboración das familias afectadas xa que dende un primeiro momento comunicaron a situación ao centro. Así, entre o venres pasado e este luns, día de comezo das clases, practicamente tiñamos constancia de tódalas ausencias por casos positivos. Logo foron chegando escasas confirmacións entre o martes e o día de onte. Polo tanto, para a tranquilidade da nosa comunidade educativa podemos dicir que máis do 90% do alumnado afectado nin sequera se incorporou ao centro e agardamos que durante a próxima semana xa se incorporen ás clases presenciais.

En relación ao novo protocolo publicado polo Ministerio de Sanidade, destacamos a continuación aspectos principais que nos afectan:

- O alumnado que sexa caso confirmado deberá permanecer 7 días en illamento. Pasado este tempo e sempre que non tivera síntomas durante cando menos os 3 últimos días, poderá incorporarse ao centro extremando as medidas nos primeiros días da incorporación (ata completar polo menos os 10 desde a confirmación do caso mediante proba, podendo ser esta un autotest). **Dende o centro queremos lembrar que se seu fillo ou filla da positivo con algunha proba, ademais de comunicalo ao centro, deben confirmalo chamando ao número 881540045 ou cubrindo o formulario web que figura na seguinte dirección: <https://coronavirus.sergas.gal/Contidos/Autodeclaracion-caso-sospeitoso-COVID>**
- A reincorporación ao centro non precisa de ningunha proba de confirmación. **Neste apartado, dende o centro, aconsellamos que dende os fogares se garanta una volta segura mediante un negativo testificado por algunha proba.**
- A consideración de contacto estreito non varía: persoa que pasa máis de 15 minutos a menos de 2m dun caso positivo ata as 48h antes da consideración de inicio da enfermidade (inicio de síntomas ou toma de mostra para proba diagnóstica) sen uso axeitado de medidas de protección (máscara). Ao respecto, no noso centro debido ao protocolo de adaptación que temos establecido e apelando á responsabilidade do alumnado, sobre todo no tempo de recreo durante as merendas, é moi difícil ter contactos estreitos. En todo caso, se os houberse, non sería necesaria a corentena dos mesmos, **sempre que o alumno ou a alumna teña unha pauta vacinal completa**, excepto algúns casos, como pode ser o alumnado con patoloxías importantes de base.

Por último, debemos seguir sendo estritos para garantir a seguridade de todos e todas. **O profesorado e o persoal non docente esforzase en que isto sexa así, garantindo un centro seguro. Debemos insistir en que o alumnado con síntomas compatibles coa COVID-19, non debe asistir ao centro, sexa caso diagnosticado ou non. Pero, ademais dende os fogares debemos seguir fomentando o bo uso da máscara, das distancias e actuar con responsabilidade en todo momento e en calquera situación, dentro e fóra do centro.**

Moitas grazas pola vosa colaboración.

Un cordial saúdo,

César Sánchez Pampín (Director)